- Rezuma o amor ao seu terrón nativo, á súa Galiza abandoada, deixada da man de Deus. Porque sempre viviu aferrado ás cousas que aínda ve, e négase a perder todo aquilo que formou parte da súa vida, o seu espazo vital que o conformou como ser humano.

- Viviu en Madrid pero tiña o corazón na terra e el sentíase parte desa terra como o amosa cando di:

¡Galiza en min, meu deus, pan
que me deron,
leite e centeo e soño e lus de
Aurora!
Longa rúa do mar, fogar da terra.

- Ou saúda a súa terra desta forma tan femosa:

"!Ei, terra verde e mar de orballo,
polpa dorida se as hai!
¡Ás túas portas perdín todo
cheiro alleo de terra ou mar
e agora, ao caer no teu colo,
oio pacer a canto hai!

- Por todo isto, cando se xubilou, volveu para morrer na terra e para poder dicir sempre: